



I Festival Folclórico "Parque do Carboeiro"

O Concello de Oroso organiza a primeira edición do [festival folclórico "Parque do Carboeiro"](#), que terá lugar o sábado 6 de xullo no marco natural do parque do Carboeiro. O alcalde Manuel Mirás explica que "queremos recuperar o espírito dos festivais folclóricos que se facían hai anos no Refuxio, dando a coñecer a nosa música e as nosas tradicións e disfrutando dunha xornada de festa e confraternidade".

A xornada comezará ás 12:00 horas cun pasarrúas por Sigüeiro, ao que seguirán actuacións das escolas de Lembranzas do Tambre. Ás 14:30 horas terá lugar un xantar campestre no paseo do Carboeiro, onde as familias poderán optar por traer o xantar da casa ou ben comer nalgún dos postos que haberá instalados na contorna e que ofrecerán polbo, churrasco, empanada e outros produtos a prezos asequibles. A partir das 18:00 horas terán lugar as actuacións de [Xacarandaina](#) (A Coruña), [Lembranzas do Tambre](#) (Sigüeiro), [Buxos Verdes](#) (Senra/Cardama), [Néboas no Cumio](#) (Oroso) e La Flor del Azafrán (Toledo). Mirás espera que "sexa un día no que mesturemos a música cun importante programa de actividades onde toda a cidadanía poida participar".

O alcalde de Oroso reconece que este festival "é unha espiña que tiña cravada dende que organizaba os festivais que tiñan lugar na Illa do Refuxio e que, por unha cousa ou por outra, ao final non dabamos recuperado". Unha recuperación realizada grazas á colaboración amosada polas agrupacións folclóricas locais: Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes e Néboas no Cumio.






O Concello constrúe dous novos parques infantís



O Concello de Oroso vén de construír dous novos parques infantís no municipio, situados a carón da escola unitaria de [Oroso](#) e no [paseo do Carboeiro](#) (Sigüeiro), xusto á beira da piscina municipal. Ademais, tamén se realizaron tarefas de mellora e mantemento no outro parque do Carboeiro, a carón do Centro Cívico.



Amplíase o prazo de inscrición no Campamento de Verán

O Concello de Oroso amplía o prazo de inscrición no seu [Campamento de Verán](#), dirixido a rapaces e rapazas de entre 7 e 12 anos, que terá lugar en Porto do Son do 14 ao 21 de agosto. O prazo de inscrición manterase aberto durante o mes de xullo ou ata que se enchan todas as prazas dispoñibles.



Asimesmo, compre lembrar que entre o 4 e o 24 de xullo estará aberto o prazo para anotarse nas dúas quendas de agosto do [Verán Lúdico](#), o programa de conciliación familiar posto en marcha polo Concello de Oroso para as mañás dos meses de verán. Neste mes de xullo participan unha vintena de rapaces. O Concello establece descontos para empadroados, familias numerosas e para os que teñan un segundo irmán na actividade.



A escola será un punto de encontro onde familias e educadores intercambiarán experiencias sobre a educación dos cativos

O Concello habilitará unha Escola de Pais e Nais



O Concello de Oroso porá en marcha unha Escola de Pais e Nais no [CRA de Oroso](#) (Villarromariz), que botará a andar ao inicio do curso 2013-14. O concelleiro de Ensino, Antonio Leira, explica que "coa posta en marcha deste proxecto, o Concello de Oroso dá cumprida resposta a unha demanda dos profesores e da ANPA de poñer a disposición das familias un espazo no que compartir experiencias sobre a educación dos fillos e aprender uns dos outros".

O director do CRA de Oroso, Javier Rivas, indica que esta iniciativa "é un espazo aberto para a familia no que pais e nais poden vir e aportar cousas da educación dos seus fillos, compartir as experiencias da casa e remar todos na mesma dirección". Un punto no que incide Antonio Leira: "o proxecto está totalmente aberto, tanto no contido como na súa programación. Os protagonistas son as familias". Por iso, compromete todo o apoio do Concello para que a iniciativa sexa útil para as familias. Máis información no CRA Oroso ou no centro cultural de Sigüeiro.



Homenaxes ao Sigüeiro FC e ao Xuventude Oroso

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, e o concelleiro de Deportes, Luís Rey, presidirán a recepción que o Concello de Oroso realizará aos xogadores do [Sigüeiro FC](#) e do [Xuventude Oroso](#) polos éxitos deportivos acadados este ano. A homenaxe terá lugar no centro cultural de Sigüeiro o venres 5 de xullo, ás 21:00 horas. Entrada libre.





Oroso acolle o Campionato do Mundo de Pitch & Putt

Un total de 108 xogadores de catorce países participarán no segundo [Campionato do Mundo de Pitch & Putt](#), que se celebrará en Oroso do 4 ao 7 de xullo de 2013 organizado pola [Federación Internacional de Pitch & Putt](#) (FIPPA) e a [Asociación Galega de Pitch & Putt](#) (ASGAPP). Un evento que se disputará nas instalacións de Tambre Pitch & Putt na Gándara e que conta coa colaboración do Concello de Oroso.



Presentación oficial do Campionato do Mundo Pitch & Putt que terá lugar en Oroso do 4 ao 7 de xullo

O alcalde de Oroso, Manuel Mirás, considera "un orgullo que Oroso sexa a sede deste campionato mundial pola súa beneficiosa repercusión, tanto a nivel social e económica, como mediática, ao dar a coñecer este concello por todo o mundo". Recoñecido afeccionado a este deporte, nacido en Irlanda como unha [versión máis accesible do golf](#), Manuel Mirás asegura que "relaxa moitísimo, vén moi ben para a saúde e pode practicarse dos 7 aos 90 anos, pois é máis técnica ca forza. É un diamante en bruto e nos sentimos orgullosos de que apostarades por nós para ser a sede deste campionato mundial".

Este segundo Campionato do Mundo de Pitch & Putt contará coa presenza dun total de [108 xogadores](#), os mellores do mundo, seleccionados nas Asociacións ou Federacións membros da FIPPA. Entre eles, os máximos favoritos son: o noruego Bernt Kristian Nerland (campión de Noruega 2013), o catalán Fernando Cano (campión do Mundo 2009), o irlandés Frank Dineen (campión do Open de Irlanda 2011), o portugués Hugo Espírito Santo (campión de Portugal 2013), o irlandés Ian Harrelley (campión de Europa 2011), o australiano James Rogerson (campión do Open Australia 2013) e John Deeble (campión da Gran Bretaña 2013). Unha información que podes completar en www.concellooroso.com.



Disputarán a competición os 108 mellores xogadores do mundo

Programa

O xoves 4 de xullo, entre as 9 e as 21:00 horas, terá lugar a primeira xornada de adestramentos oficiais. A segunda xornada terá lugar na mañá do venres 5, entre as 9 e as 13:00 horas. A cerimonia de inauguración terá lugar ás 13:30 horas e as dúas primeiras rondas saíran ás 15:30 e 18:30 horas. Para o sábado quedan outras catro rondas a 36 e 54 buracos. O domingo 7, ás 8:30 horas, terá lugar a ronda final a 72 buracos. Ás 14:00 horas celebrárase a entrega de premios e a cerimonia de clausura do Campionato.

As instalacións do campo de Tambre Pitch & Putt en Oroso impuxéronse na votación da Asemblea Anual da FIPPA a potentes candidatas presentadas por Irlanda, Holanda e Corea do Sur.



O Concello de Oroso realiza melloras no interior do local social da Gándara

O Concello de Oroso vén de rematar unha serie de melloras no local social da Gándara, que foron realizadas con persoal da brigada de obras municipal. "Uns traballos que permitiron a realización de pequenas obras de mantemento e mellora no interior do inmoible, moi utilizado polos veciños da parroquia", explica o edil de Obras, Eduardo Veiras. Estes traballos únense ás obras realizadas no local social de [Pasarelos](#), que será inaugurado oficialmente en próximas datas, e aos traballos de mellora do centro da terceira idade en Sigüeiro, que permitiron adaptar o inmoible ás necesidades dos nosos maiores, que dispoñen así dun gran local onde celebrar actividades.

Foi noticia...

Aprobada inicialmente a modificación do PXOM para a entrada/saída da AP-9

O pleno municipal aprobou inicialmente a modificación puntual número 5 do PXOM, cos únicos votos a favor do grupo de Goberno, necesaria para a [ampliación do enlace da autoestrada AP-9](#) coa N-550 en Sigüeiro. Este proxecto completaría o actual enlace direccional norte cos movementos cara o sur, é dicir, que os vehículos procedentes de Santiago terían unha saída en Sigüeiro e se permitiría tamén a incorporación de vehículos dende Sigüeiro cara o sur de Galicia.



O alcalde Manuel Mirás destaca que "cumprimos co prazo comprometido de tres meses, polo que agardamos que a Xunta faga o propio logo do mes de exposición pública, aínda que esta tramitación non é obstáculo para que Fomento poida ir avanzando nas obras". [Un proxecto](#) que conta cun orzamento base de licitación de 7,94 millóns de euros. Seguindo o informe previo emitido pola Xunta de Galicia, "aproveitamos tamén para pasar a rural algúns terreos próximos, como no caso do Alto de Vilanova, onde os veciños poderán construír as súas vivendas sen os problemas que teñen actualmente como chan urbanizable non delimitado". Con este cambio, os veciños verán simplificadas as esixencias á hora de construír as súas vivendas nos seus terreos.



O centro cultural quedou pequeno na Festa de Graduación dos meniños da gardería municipal da Ulloa, que realizaron varias coreografías ante as súas familias. E os maiores recibiron o seu diploma.



Máis de 150 veciños e veciñas disfrutaron do festival de fin de curso da [Aula de Música de Oroso](#). Os 40 rapaces e rapazas amosaron os seus progresos en canto e cos instrumentos.



Gran éxito de público do [Psicotroita II, a vinganza](#), que contou coa colaboración do Concello. Logo do gran cartel deste ano, impacientes estamos por coñecer os "compinches" da Psicotroita en 2014.

Axenda: Xullo

- 4** Campionato do Mundo Pitch&Putt. Entrenos. Inicio inscricións Verán Lúdico (agosto)
- 5** Campionato do Mundo Pitch&Putt. Inauguración. Recepción ao Sigüeiro e ao Xuventude Oroso

- 6** I Festival Folclórico "Parque do Carboeiro" Campionato do Mundo Pitch&Putt.
- 7** Campionato do Mundo Pitch&Putt. Clausura
- 8** Curso de aplicador de produtos fitosanitarios
- 10** Fin renovación de praza na Aula de Música

- 31** Fin inscricións campamento de verán

E NOS VINDEIROS MESES...

Semana Cultural

Certame Goisorosoarte